



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos* (DOG do 29 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres pais/nais**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar, unha nai é a representante da Anpa. O outro dos representantes de pais/nais continúa como consecuencia da súa elección anterior **no ano 2018**.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **14:00 horas do día 11 de novembro**.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o **día 15 de novembro, ás 17:30 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e **catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade**.
5. A campaña electoral comprenderá **dende o 15 ao 19 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu



- defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
7. As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 22 de novembro, de 17:00 a 20:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, **ás 16:30 horas**.
 8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de tres nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
 9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos/as.
 10. Finalizada a votación procederáse ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
 11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Santiago a, 3 de novembro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Mª del Mar Rodríguez González